

Rama de coñecemento	Arte e humanidades
Prazas ofertadas	30
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	6
Presencialidade	Semipresencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O Máster en tradución multimedia fíxase como obxectivo completar a formación do alumnado e profesionais da tradución e dos ámbitos afíns en ámbitos multimedia. Está orientado á aplicación profesional dos coñecementos técnicos adquiridos e, cun enfoque eminentemente práctico, intentará cubrir a demanda social e especializar a quen se titule no campo recollido no título.

Perfil de ingreso recomendado

Daráselles prioridade a solicitantes con licenciatura ou grao en Tradución e Interpretación e noutras disciplinas afíns ou con experiencia profesional nos diferentes ámbitos da tradución multimedia. Non obstante, o título poderá admitir solicitantes con título/grao doutros ámbitos sen experiencia profesional, sempre que acrediten os coñecementos lingüísticos necesarios.

Saídas profesionais

Concretamente, o estudantado poderá obter capacitación para, entre outras, as seguintes profesións:

- Especialista en comunicación e mediación interlingüística e intercultural
- Xestor/a de información multilingüe
- Tradutor/a de textos multimedia especializados
- Tradutor/a-localizador/a de software, páxinas web e videoxogos
- Xestor/a de bases de datos multilingües para a tradución multimedia
- Tradutor/a-axustador/a audiovisual nas modalidades de dobraxe, subtitulado e voces superpostas

Máis información

Coordinador	Joan Miquel Vergés
Páxina web do mestrado	http://multitrad.webs.uvigo.es
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_filoloxia_traduccion.html
Código RUCT	4312437
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4312437&actual=estudios
Teléfonos	Servizos administrativos: 986 812 259/986 812 253
Enderezos electrónicos	jmv@uvigo.es secfft@uvigo.es